



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE NOVEMBRO DO 2015

Señoras e señores asistentes

Alcalde-Presidente:

Don Antonio Fernández Angueira.

Concelleiras e concelleiros:

Dona Carmen María Lois Ferrón.

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

Secretaría:

Dona Ana María Ares Álvarez.

En Padrón, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinte e tres de novembro do dous mil quince, reúnense en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total os trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do día da convocatoria que é o seguinte:

1.- APERTURA DA PISCINA MUNICIPAL O SÁBADO, DÍA 14 DE NOVEMBRO, PARA QUE OS USUARIOS E VECIÑOS VEXAN O ESTADO EN QUE SE ATOPAN AS INSTALACIÓNS.

Sr. Alcalde. Explica que o catorce de novembro xa pasou e que a piscina xa abreu o 22 de novembro pola mañá e que si os concelleiros queren poñer outro día que non habería problema e polo tanto preguntalles si queren abri-la outro día.

Sr. Rodríguez Conde. Quere deixar claro, logo dunhas notas de prensa que saíron, que o Partido Galeguista

non pactou co goberno o día de apertura para que os veciños puideran ir ver as instalacións e pide ao equipo de goberno que non desvie a atención cara os grupos da oposición coma se foran culpables de todo isto. Que os grupos da oposición son os que pediron ao goberno o pleno extraordinario o 6 de novembro e que ata o día de hoxe non se celebrou, sendo o día de apertura que puxo o grupo de goberno o día 20 de outubro. Di ademais que vai empezar a falar de todo o tema.

Sr. Alcalde. Pídelle que se ciña ao punto.

Sr. Rodríguez Conde. Di que vai a explicar un pouco de que vai o tema, que o Concello de Padrón viña prestando o servizo público da piscina.

Sr. Alcalde. Recórdalle que están debatindo o punto número un, despois explica o que queira.

Sr. Rodríguez Conde. Contesta que no seguinte punto explicará todo o que se está facendo e o que se fixo por parte do goberno e o que non se fixo.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que é preocupante que teña que ser a oposición quen solicite o pleno para saber como están unhas instalacións nas que se investiu unha determinada cantidade de diñeiro, que non saben cal.

Sra. Secretaria. Solicita ao señor Rodríguez Carbia que encenda o micrófono porque non se lle escoita ben.

Sr. Rodríguez Carbia. Continúa dicindo que isto non é serio, que a piscina e as instalacións levan un ano e sete meses pechadas. Pensa que ese tempo é máis que suficiente para ter as instalacións en perfecto estado e que non habería que abrir a piscina para que a xente vexa que se lle fixo un lavado de cara como o señor Alcalde dixo nos medios de comunicación. Entende que a xornada que se fixo de portas abertas o sábado 21 de novembro é froito da incompetencia do goberno para solucionar unha situación da instalación deportiva municipal dunha maneira rápida e dalgunha maneira poñela en funcionamento. Que a eles de pouco lles vale que abran as portas para que ver o estado e que os usuarios e os grupos políticos firmantes da solicitude da convocatoria do pleno o que queren é que se abra xa e en condicións. Que é ben certo que vistas o sábado as instalacións habería moito que falar das obras que se fixeron porque non sabe claramente os fondos públicos que están investidos nesa instalación pero que lle dá a sensación de que faltan moitas cousas por facer. Pregunta se esas son as obras todas que se fixeron para poñer en funcionamento ou se aínda hai que facer máis obras.

Sr. Alcalde. Contesta que o explicará no seguinte punto.

Sr. Rodríguez Carbia. Continúa dicindo que veu auga nos pisos, teitos que aínda presentan desperfectos, no lado oeste da piscina manchas de óxido na parte de recollida de pluviais e dälle a sensación de que se lle pasou a pintura por riba para tapar dalgunha maneira as deficiencias máis aparatosas que había. Que o señor Alcalde o dixo ben claro: foi un lavado de cara, pero que ese lavado de cara se fixo investindo fondos públicos e que iso é o que lle preocupa máis porque no momento nos que estamos, cando os fondos públicos escasean, non é para facer lavados de cara senón un investimento que se rentabilice no tempo sen necesidade de que dentro dun mes ou un ano a instalación volva a estar nas mesmas condicións que estaba antes de acometer a reforma e eso é o que lle preocupa.

Sr. Alcalde. Dille que está falando das obras e que este punto é sobre a apertura do día 14, que hai cinco puntos.

Sr. Rodríguez Carbia. Recórdalle o título do primeiro punto da orde do día "Apertura da piscina municipal o sábado, día 14 de novembro, para que os usuarios e veciños vexan o estado en que se atopan as instalacións" e que el está falando do estado das instalacións. En relación á pranta baixa di que se renovou parte da instalación das caldeiras, que era unha obra que había que facer, pero que aínda faltan obras por facer, que onde estaban as caldeiras os pegotes de cemento continúan. Que existen cables ou tubos que non están estancados senón soltos. Que a aula onde estaba antigamente AMIFA, que non puideron entrar porque estaba pechada, non se sabe exactamente si se fixeron obras dentro desa dependencia ou non e lembra que o sábado cando se tivo acceso á piscina se fixo unha chamada para que facilitaran as chaves desa dependencia.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que a chave a tiña un operario de obras e que esa sala está baleira.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta si se fixeron obras nesa sala.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que se desmontou o falso techo.

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que entón esa foi unha parte das dependencias da piscina que non puideron ver e que querían ver é a instalación na súa totalidade. Lembra ademais que na parte de arriba había dúas salas, na primeira planta, que tamén estaban pechadas e que non saben o que hai alí, nin si se fixeron obras ou non. Que no tema dos azulexos limitáronse a quitar os que se despegaran e meter outros; no tema dos colgadoiros de roupa, nalgúns non tiveron a delicadeza de cambialos de sitio para poder colgar a roupa. Que observa polo tanto unha serie de deficiencias que lle preocupan moito posto que agora ven o regulamento e logo virá o prego de licitación e entende que se quere adjudicar no prazo máis breve posible.

Sr. Alcalde. Contesta que si, no prazo máis breve posible.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que dende o seu punto de vista a obra aínda non está en condicións e que ten que mellorar e que lle preocupa de onde van sacar os fondos públicos para facer esa obra.

Sr. Sanmarco Santos. Replica que ese é o punto de vista do señor Rodríguez Carbia.

Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que si, do que observou cando entrou nas dependencias.

Sr. Sanmarco Santos. Pregúntalle ao señor Rodríguez Carbia si sabe cal era o estado que tiña a piscina aínda estando en funcionamento e si foi algunha vez.

Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que é consciente de que a piscina necesitaba unha reforma en profundidade pero que tamén é consciente de que a reforma que se lle fixo, ca cantidade de fondos públicos que se investiron, debería ser moito máis axeitada do que amosa nestes momentos. Que vendo as dependencias nas que se actuou dase conta de que realmente hai moito que facer e que non sabe de onde se vai sacar o diñeiro para poñer a instalación en perfecto estado de revista e que os usuarios poidan ir alí nas condicións que teñen que estar. Volve a insistir unha vez máis de que é un tema serio, que tiveron moito tempo para solucionalo posto que a piscina leva un ano e sete meses pechada e ata o de agora as solucións que se lle deron por parte dos goberno municipal, dende o seu punto de vista, non foron as adecuadas.

Sr. Santaló Ríos. Di que presentar isto coma un éxito de xestión apunta a todo o contrario. Que despois dun ano e medio de estar a piscina pechada fan unha apertura mostrando unhas obras que serían para o que daba o presupuestado, pero pide ao grupo de goberno que pense que leva un ano e medio pechada e como balance de xestión é absolutamente desastroso e que xa na lexislatura anterior tiveron a colaboración activa dalgúns dos grupos que están nese momento no pleno para facer as cousas que tiveran que facer e así o manifestaron nos compromisos, nas reunións cos traballadores e que tiñan o seu apoio, a maioría suficiente, e que non foron capaces. Que fixeron unha apertura para que se poidan ver as instalacións pero o realmente eficiente e efectivo sería que a piscina estivera aberta, e con iso non o conseguiron e dubida de que o dean conseguido no vindeiro ano e esa é a verdadeira cuestión.

Sr. Forján Seoane. Lembra que no pleno do 24 de outubro do 2014 adoptáronse uns acordos por unanimidade, que o grupo de goberno incumpriu, e que o 4 de outubro de 2014, fai máis dun ano, a empresa UNIKA presentou a última certificación, é dicir que fai máis dun ano que esa primeira fase das obras está rematada e tiveron máis dun ano para darlle ese lavado de cara á piscina, que consisteu en pintar e pouco máis, pero que, curiosamente, son os grupos da oposición os que teñen que presionar ao grupo de goberno para realizar este pleno e propoñer o acto de apertura o día 14 e o grupo de goberno volve incumplir os acordos dicindo que houbo un pacto.

Sr. Alcalde. Contesta que non había ningún pacto ou acordo para abrir o día 14 e que o pleno convocouse dentro do prazo legal e abriuse a piscina antes aínda de celebrar o pleno.

Sr. Forján Seoane. Replica que non se abre o día 14, como se propuña, porque o grupo de goberno aproveita desde o día 1 deste mes ata o día 21, é dicir 20 días, para facer ese lavado de cara que non fixeron nun ano e pico e fixeron ese lavado de cara porque a oposición presionou porque senón nin se abriría a piscina nin farían esas obras. Que polo tanto, si en 20 días poideron facer o que non fixeron nun ano e pico, demostran unha incapacidade ou ineficacia para a xestión da piscina ou dos asuntos públicos que asusta.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta, en primeiro lugar, que pacto non habería pero que el mesmo si o falou co PGD e co PSOE, explicándolle que non se abriría o día 14 senón á semana seguinte e aínda lles propuxo a alternativa de abrir pola mañá e pola tarde e dixeron que só pola mañá, que si non queren chamarlle pacto a eso el está de acordo e que se lle pode chamar como queiran. En segundo lugar di, con respecto ás declaracións de que todo se fixo á presa, que é mentira. Que efectivamente empezaron o día 31, cando tiveron a resposta do seguro conforme podían actuar sobre os desperfectos da piscina, e entón empezaron a facer as obras que xa estaban previstas facía varios meses. Que está de acordo en que hai cousas que hai que mellorar e non se abriu antes porque, como puido comprobar algún concelleiro presente, que había zonas nas que podía caer o falso teito e si lle cae a alguén na cabeza sería un problema.

Sr. Rodríguez Conde. Replica ao señor Sanmarco Santos que efectivamente lle dixo que tiña pensado abrir ao sábado seguinte, e que eles lle dixeron que quen ía determinar o día da apertura sería o pleno e que o señor Sanmarco Santos dixo que sería só pola mañá porque tería que buscar a alguén porque non ía a estar él aquí. Que a raíz da presión dos membros da oposición, a raíz de que o día 6 solicitouse un pleno extraordinario, activouse un plan de choque onde o día que foron eles había tres ou catro empresas traballando, e o que non fixeron nun ano querían facelo en quince días para abrir e non ter esa imaxe que viron a concelleira Teresa, o concelleiro Ángel e un representante de Alternativa por Padrón é que daba vergoña o estado da piscina municipal.

Sra. Rey Pazos. Di que a imaxe que se está dando aos cidadáns é penosa. Que cando a oposición lle ten que pedir a un equipo de goberno que abra a piscina municipal para que a xente vexa o estado desa piscina, xera un clima de desconfianza total coa xestión do goberno. Recórdalle ao goberno que está en minoría, pensa que non é boa para o pobo a imaxe que se está dando. Pensa que sería mellor para todos dicir a verdade dos feitos, o que realmente acontece, como está a piscina, que se pode facer e o que non, que a xente saiba o que hai. Pensa que si a xente sabe o que realmente hai o vai entender. Pensa que hai que dicirlle as cousas claras, que hai que aproveitar este pleno para dicirlle á xente que pasa e que problemas hai, que hai que ser honestos coa xente. Cree que é unha mala xestión dende que naceu a piscina, de todos os gobernos. Que non cree que o único culpable sexa este goberno. Pero tamén di que se demostra que hai unha mala xestión neste goberno cando se abre unha piscina é non hai unha chave para ver unha instalación. Entende que o concelleiro delegado de deportes pode entregar algún documento onde se poida ver a conformidade do seguro porque senón se volve a un clima de desconfianza pensando que se fixeron as obras correndo. Pensa que obviamente as obras son necesarias, a cuestión quizais é por que agora e non antes. Dille ao Sr. Sanmarco Santos que él dixo que foi porque o seguro non veu e entende que ese trámite é necesario, pero que debeu traer ao pleno algún documento onde se poida ver a conformidade do seguro e que a xente vexa que realmente eso non se fixo a correr porque se estaba pedindo a reapertura da piscina. Entende que hai unha mala xestión total e absoluta neste e noutros temas e que a xente debe sabelo.

Sr. González Pardal. Di que están totalmente de acordo co que se dixo e que estanse baseando en que os problemas eran dos desperfectos do seguro e pregunta cal era o problema de non abrir a piscina antes dos desperfectos do seguro.

Sr. Alcalde. Contesta que o problema de non abrir a piscina non foron os desperfectos do seguro, que foi un cúmulo de circunstancias, entre elas, unha situación cos traballadores que houbo que resolver, logo os desperfectos do seguro, a cuantía económica para facer diversas reparacións que non había, porque a parte dos actos vandálicos había outras reparacións que facer. Que a obra de 209.000 euros que fixo UNIKA non foi suficiente unha vez que souberon o estado real das instalacións. Que a piscina necesitaría moito máis investimento e que eles teñen que adecuarse e explicarlle á xente a dispoñibilidade económica que hai. Que para facer as reparacións neste ano hai a dispoñibilidade económica correspondente ao canon económico que



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

non se gastou ao non abrir a piscina, e o que pagou o seguro e que esa é a situación, un cúmulo de circunstancias, non só o tema económico ou só o dos traballadores.

Sr. González Pardal. Pregunta si a reparación que fixo a empresa UNIKA no seu momento non era suficiente para abrir a piscina.

Sr. Alcalde. Responde que empresa ÚNIKA non fixo unha reparación senón unha mellora das instalacións.

Sr. González Pardal. Pregunta si esa mellora das instalacións, que pensa que foi de 209.000 €, non era suficiente para a apertura da piscina.

Sr. Alcalde. Responde que non era suficiente, que sobre todo foi un tema enerxético, que non tiña nada que ver con outras deficiencias da piscina.

Sr. González Pardal. Replica que entón o goberno era consciente de que con esa reparación de 209.000 €, non se ía poder abrir a piscina.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que non foi así. Que esas obras eran para darlle accesibilidade para persoas con discapacidade, no tema enerxético, no cambio da caldeira, no funcionamento das placas solares e que cumprira as normas mínimas sanitarias. Que despois ao pechar a piscina atopáronse con que a deshumectadora non funcionaba e non se pode abrir sen que esta funcione porque entón tampouco cumpre e ese foi un problema que houbo que solucionar a maiores. Que os cartos estanse investindo no máis esencial para que a piscina poida abrir. Que evidentemente podíanse cambiar os azulexos e que todo estivera bonito pero que senón se arranxa o básico eso non vale de nada.

Sr. González Pardal. Volve a repetir a pregunta de si o goberno era consciente de que con esa reparación de 209.000 € a piscina aínda non reunía os requisitos mínimos para a apertura.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que pensaron que a deshumectadora estaba funcionando e que funcionara sempre.

Sr. González Pardal. Pregunta entón senón sabían cales eran os requisitos mínimos para que a piscina abrixa, que si sabían que ían investir 209.000 euros e con elo solucionaban parte dos problemas pero que aínda non se podería abrir.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que unha piscina que está aberta ten que ter un bo sistema de deshumectación pero atopáronse con que non funcionaba. Que cando a piscina estaba aberta entendíase que estaba funcionando e cando se pechou foi cando souberon que levaba bastante tempo sen funcionar e polo tanto hai que arranxala.

Sr. González Pardal. Di que lle parece ben que haxa que arranxala pero pregunta si o grupo de goberno era consciente de que eses 209.000 non eran suficientes, que facían falta máis cartos.

Sr. Alcalde. Contesta que cando se presentou o proxecto a piscina estaba aberta, con moitas deficiencias pero cunha concesión que houbo que resolver. Que o proxecto era para que seguira funcionando a piscina, facer novos pregos e que non se tivera que pechar. Que a piscina dou en concurso mercantil, ese foi un problema engadido, e que despois foi cando non se chegou a abrir a piscina, á empresa se lle revocou o contrato e se iniciaron todos os trámites e actuacións.

Sr. González Pardal. Di que independentemente dese proceso, que a empresa estivera en concurso de acreedores ou en suspensión de pagos, había unhas obras para que a piscina continuase. Di que o que está entendendo el é que eses 209.000 € non eran suficientes para que a piscina continuase aberta.

Sr. Alcalde. Contesta que a situación é distinta de cando está en concesión e de cando non está. Que o contrato coa empresa concesionaria está revocado e naquel momento estaba caducado desde o 2009 pero a empresa estaba dentro e había que resolver o contrato. Dille ao señor González Pardal que quere que lle dea a resposta que quere el e que xa lle está contestando.

Sr. Pardo Andrade. Explica que a 1ª fase era a máis urxente e que quedou unha segunda pendiente para cando se poidera ou para cando deran os cartos porque o Concello non pode asumir ese arranxo da piscina. Que se arranxou aquilo para que poidera continuar 2, 3 ou 4 anos e logo se faría a segunda fase. Di que hai que ser realistas, que a piscina está como está, que habería que tirar todo o de dentro, vaso, cuartos de baño, etc, e por iso arranxouse a parte de abaixo por un tempo ata que houbera outra subvención para poder arranxar todo o demais e que eso é o tema e que están mareando.

Sr. González Pardal. Solicita ao señor Pardo Andrade que non o entenda así porque él non está tratando de marear nada. Que o único que está intentando é buscar unha solución porque a piscina leva un ano e sete meses parada e pregunta si o grupo de goberno é consciente de que hai que seguir investindo cartos na piscina e que ao mellor habería que buscar outras solucións.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que claro que son conscientes, que a piscina así tirará x anos e que despois, sexa quen sexa, terá que pensar en que facer.

Sr. González Pardal. Di que lle gustaría saber cantos cartos hai que investir na piscina porque ao mellor hai que gastar 600.000 euros e que debería facerse unha planificación, que ao mellor nese ano e sete meses que leva parada podería terse feito. É dicir, saber cantos cartos fan falla para que reúna uns requisitos básicos para a súa apertura.

Sra. Rey Pazos. Di que o que ve é que, non só neste tema senón noutros tamén, falta un plan, falta unha organización e a piscina non chegaría a esta situación se houbera un plan de mantemento. Que esto pasa en todas as instalacións, non só na piscina, falta un plan de mantemento para todas as instalacións do Concello. Volve repetir que sería necesario e que sería moito máis fácil todo. Engade que pideu o Convenio que asinaron coa Deputación, onde se daban os cartos para unha primeira fase, pero que nese convenio non aparece ningunha fase máis.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que cree que hai un proxecto feito para unha segunda fase.

Sra. Rey Pazos. Afirma que si, que hai un proxecto feito, pero que a Deputación nese convenio que se asina non compromete ningún carto e entende que a segunda fase foi un compromiso verbal.

Sr. Alcalde. Responde que si.

Sra. Rey Pazos. Entende entón que ese compromiso verbal ou está ou non está porque o que se di queda no aire. Que dá a sensación de que eses cartos están dados e non están dados, que hai un compromiso que se pode cumprir ou non. Engade que dende o 2009 gastáronse 458.278 euros no mantemento da piscina e a día de hoxe, si ben podería funcionar, non está operativa ao cen por cen.

Sr. Alcalde. Contesta que ademais das reformas fixéronse obras subvencionadas como a instalación dos paneis solares.

Sra. Rey Pazos. Continúa dicindo que, gastándose eses cartos que entende que non son cantidades pequenas, a piscina non está operativa ao cen por cen e que isto pasa porque non hai ningún plan para definir cales son as necesidade e cales hai que abordar primeiro e cree que iso pasa en xeral. Que quere deixar a súa opinión e que quere deixar claro que no convenio non están eses cartos.

Sr. Forján Seoane. Afirma que son un goberno incapaz e ineficaz.

Sr. Fernández Angueira. Dille ao señor Forján Seoane que está insultando.

Sr. Forján Seoane. Contesta que incapaz e ineficaz é a forma de calificar unha xestión, non insultar a ninguén. Engade que ademais están manipulando e enganando aos veciños desde o momento en que din que non poideron facer antes o lavado de cara que se lle fixo nestes últimos 20 días. Que a empresa UNIKA presentou a última certificación o día 4 de novembro de 2014 e o grupo de goberno di que non se poideron facer estas obras porque o seguro non valorara os danos, pero que as actuacións vandálicas realizáronse o 24 e 31 de maio e 7



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

de xullo de 2015 e entón, aínda aceptando que non había esa valoración, tiveron dende o 4 de novembro de 2014 ata finais de maio para facer esas actuacións e non as fixeron. Afirmo que iso é incapacidade e falta de xestión e que agora excúsanse nesa valoración e non é así e que ademais unha boa parte dese lavado de cara non está contemplado na memoria de actos vandálicos como, por exemplo, as dúas saunas que non estaban antes nin a principios de xaneiro nin o día 13 cando foron ver a piscina.

Continúa dicindo que a impermeabilización da terraza superior, que filtra auga á dependencia á cal non puideron acceder, non é culpa dos actos vandálicos; o pintado que se fixo da zona onde está a cubeta da piscina tampouco é culpa dos actos vandálicos; que foi única e exclusivamente pola ineficacia do grupo de goberno.

Sr. Alcalde. Contesta que as saunas, se rón se equivoca, xa estaban colocadas co señor Forján Seoane e pídelle que non diga que non estaban colocadas porque si que estaban.

Sr. Forján Seoane. Replica que non está falando deso, que está falando de que as instalacións non estaban pintadas nin estaba o falso teito o día que estiveron alí e ademais o primeiro día que foi había un montón de escombros, que se pode ver nas fotos que están nas redes sociais.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que a terraza xa metía auga co señor Villamor e co goberno anterior, que non é de agora.

Sr. Alcalde. Di que se vai votar o punto.

Sra. Rey Pazos. Di que votar isto é un pouco raro.

Sr. Alcalde. Contesta que por procedemento hai que votalo e que o que é absurdo é poñer o día 14 cando hai 15 días para convocar un pleno extraordinario e se convoca en prazo. Recórdalle á señora Rey Pazos que ela non presenta a proposta.

Non habendo máis intervencións, o señor Presidente somete a proposta a votación ordinaria, producíndose o resultado de que todos os votos emitidos polas concelleiras e polos concelleiros presentes, en total trece (13), son abstencións, polo que, o Pleno da Corporación acorda non aprobar a proposta de "apertura da piscina municipal o sábado, día 14 de novembro, para que os usuarios e veciños vexan o estado en que se atopan as instalacións".

Sr. Forján Seoane. Di que é un absurdo.

Sr. Alcalde. Di que está de acordo en que é un absurdo pero que o punto na orde do día está e que teñen que votalo ou retiralo.

Sr. Forján Seoane. Admite que é un absurdo pero tamén di que é unha tomadura de pelo porque se pospuxo a apertura para darlle un lavado de cara e de imaxe.

Sr. Alcalde. Contesta que o absurdo é poñer na solicitude o 14 de novembro sabendo que o prazo para convocar un pleno son 15 días e que pode ser posterior o prazo de convocatoria á data de apertura e que o señor Forján Seoane debería sabelo.

Sr. Forján Seoane. Pregunta ao señor Alcalde si non puido abri-la sen levala a aprobación do pleno.

Sr. Alcalde. Contesta que puido abri-la e que a abriu o día 21.

2.- INFORME, E EXPLICACIÓN DAS OBRAS PENDENTES DE REALIZAR E MATERIAS QUE HAI QUE MERCAR PARA POÑER EN FUNCIONAMENTO AS INSTALACIÓNS DA PISCINA.

Sr. Sanmarco Santos. Explica que falta por parte do persoal do Concello pintar algunhas pranchas do falso teito ou cambialas, terminar de pintar a sala de bombas, repasar portas e pechaduras de baños; ao rematar estas, limpeza a fondo da sala de caldeiras porque aínda que se limpou varias veces, non quedou ben; por parte da

empresa encargada da reparación da deshumectadora falta colocación do cadro eléctrico de maniobra da deshumectadora e do compresor; por parte da empresa encargada co mantemento do ascensor falta colocar a porta que romperon nos actos vandálicos.

Sr. Teresa Rey. Pregunta que pasa co ascensor.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que no ascensor falta cambiar a porta de arriba que xa chegou e que cambiarán esta semana. Continúa relacionando as obras: esta semana colocarase a caixa de control da sauna dos vestiarios das mulleres que foi rota polos actos vandálicos; e por parte da empresa de conductos de ventilación falta o arranxo dalgúns conductos que van dende a sala de bombas ata o local que ten o persoal do Concello.

Sr. Forján Seoane. Solicita poder copiar ao final do pleno todo o que falta.

Sr. Alcalde. Contesta que ao finalizar o pleno constará na acta.

Sr. Forján Seoane. Replica que a acta darase dentro de dous meses.

Sr. Alcalde. Contesta que se lle dará unha resposta deste mesmo por escrito en cinco días e que se acompañará o prego de prescricións administrativas e técnicas, o informe de secretaría e, si está feito, o informe da interventora.

Sr. Forján Seoane. Pregunta ao señor Alcalde que, si hai todos esos desperfectos máis todo o que se reparou nos últimos 20 días, cómo é posible que se adjudicara o servizo a unha empresa fai varios meses, aínda que a empresa nunca tomou posesión dese contrato.

Sr. Alcalde. Responde que a empresa ía reparar os desperfectos

Sr. Forján Seoane. Replica que era un contrato de tres meses.

Sr. Alcalde. Explica que a empresa non asinou o contrato finalmente porque estaba o tema dos traballadores sen resolver e non sabía si tiña que aboar as antigüidades. Que a situación resolveuse en maio cando, dos 11 traballadores, oito foron resoltos por sentenza e 3 por acordo.

Sr. Forján Seoane. Di que non lle falaba dos traballadores, que lle estaba falando da situación física das instalacións, que para adjudicar o servizo a piscina non estaba en condicións de funcionar pois levan vinte días de reformas. Que cando fixeron a adjudicación era imposible que a piscina puidera prestar servizo pois hoxe, varios meses despois, non está en condicións de funcionar.

Sr. Alcalde. Contesta que estaría mal feita, que igual foron as prisas por abril naquel momento.

Sr. Forján Seoane. Di que lle parece correcto o que está dicindo.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta si todo se supedita á reparación por actos vandálicos na piscina.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que non, que hai actuacións a maiores.

Sr. Rodríguez Carbia. Entón pregunta si cando se investiron os 209.000 euros entendían que esas obras eran suficientes para poñer en funcionamento a piscina.

Sr. Alcalde. Contesta que si, suficientes para que continuara en funcionamento, que as obras de mantemento tiña que facelas Gimnasios Pazos.

Sr. Rodríguez Carbia. Pensa que Gimnasios Pazos, supostamente, entregaría ao Concello unha relación valorada das obras que farían falla acometer unha vez que UNIKA rematara as súas. Pregunta se non se entregou nunca esa relación valorada.

Sr. Alcalde. Contesta que non.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta entón como se dou conta o Concello.

Sr. Sanmarco Santos. Responde que cando se puxo en funcionamento a maquinaria déronse conta que había conductos de ventilación que ían á cámara e que por iso había humidades no pavillón e as cámaras da piscina e que non funcionaba a deshumectadora.

Sr. Rodríguez Carbia. Entende que mensualmente ou trimestralmente ou semestralmente ou anualmente a empresa Gimnasios Pazos pasaba unha relación das deficiencias ou das necesidades que era preciso acometer na instalación para que seguira funcionando.

Sra. Rey Pazos. Di que no expediente eso non aparece.

Sr. Rodríguez Carbia. Recorda que é un servizo público municipal e que o Concello debe velar polo mantemento da instalación e debe reclamarlle á empresa que vaia presentando as deficiencias que sería necesario reparar.

Sr. Alcalde. Pregunta ao señor Rodríguez Carbia si a eles cando gobernaban lles entregaron unha relación das actuacións necesarias ou tiña que facelas Gimnasios Pazos.

Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que algunha vez se fixo unha valoración ou presentouse un escrito das necesidades que sería necesario acometer.

Sr. Alcalde. Di que non lembra si presentaron escritos, que si houbo reunións coa empresa e explicaron o que pasaba, por exemplo, que as placas solares non tiñan conectados os conductos

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que o das placas solares foi unha obra subvencionada polo Plan E e foi para aforrar custes de enerxía na instalación e cando se certificou a obra as placas estaban correctamente funcionando.

Sr. Sanmarco Santos. Di que non.

Sr. Rodríguez Carbia. Reitera que cando se certificou a obra as placas estaban en perfecto estado de funcionamento e revista e que outra cousa é que durante os catro anos anteriores houbera na obra algún fallo que ao mellor entraría dentro do prazo de garantía. Engade que o resumo é que a empresa non presentou ningún informe e que o Concello tampouco llo esixiu e entón pregunta cal foi o momento en que o Concello decidiu adjudicar a unha empresa sen datos diante para saber si a instalación podería funcionar.

Sr. Alcalde. Supón que o señor Rodríguez Carbia cando estivo no goberno iría visitar as dependencias da caldeira e que a caldeira non se tocou na vida da piscina; que os tubos estaban metidos en bidóns de plástico absorvendo do gasoil e o gasoil aberto; os tubos estaban roídos, gomas para os tubos da caldeira; é dicir, nivel mínimo de seguridade e falta de funcionamento e que polo tanto iso había que cambialo.

Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que non el di que non houbera que cambialo.

Sr. Alcalde. Engade que en relación aos paneis solares, con independencia que non sexa responsabilidade do equipo de goberno senón da persoa que certifica, que non estaban nin conectados.

Sr. Sanmarco Santos. Explica que estaban conectados pero estaban mal colocados e non estaban dando a función que tiñan que dar.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que a función era darlle enerxía ás instalacións municipais e pregunta ao señor Sanmarco Santos senón facían esa función.

Sr. Sanmarco Santos. Responde que non.

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que esa é unha opinión do señor Sanmarco Santos.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que si, pero que el sabe do que fala e o señor Rodríguez Carbia non.

Sr. Forján Seoane. Di que se está desviando totalmente o tema pero que o obxectivo que tiñan era dar a auga sanitaria, non quentar o vaso da piscina.

Sr. Sanmarco Santos. Pregunta ao señor Forján Seoane que é o que está a dicir.

Sr. Forján Seoane. Contesta que di "misa".

Sr. Sanmarco Santos. Continúa dicindo que o señor Forján Seoane só ven ao pleno a enganar á xente.

Sr. Alcalde. Dille ao señor Forján Seoane que llo está explicando, que dá igual quen teña razón.

Sr. Forján Seoane. Reitera que era para a auga sanitaria porque non teñen capacidade para quentar miles de litros de auga como leva o vaso e engade que na facturación eléctrica da piscina tamén se estaba pagando a luz do polideportivo e outros e ninguén se enterou antes. Que eles se deron conta cando fixeron esa actuación.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que él quería centrarse un pouco na sala de caldeiras, que foi reformada en parte, porque polo que puido observar o outro día nin siquiera lle cambiaron a protección exterior, sigue tendo a mesma que tiña.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que esas bombas son as da deshumectadora.

Sr. Rodríguez Carbia. Reitera que o único que se cambiou foron foron as tres bombas que hai na parte de atrás, contra o sur da dependencia, pero que ve que ao aillante non se lle tocou e que segue sendo o mesmo.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que só non se cambiou o aillante da deshumectadora.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta porque non se fixo.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que foi porque se pensaba que estaba en funcionamento.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta ao señor Sanmarco Santos si eso está en perfecto estado.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que agora mesmo non pero estanse executando as obras da deshumectadora. Entende que queren confundir á xente e darlle voltas a todo.

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que só está pedindo que llo explique.

Sr. Alcalde. Pide ao señor Sanmarco Santos que llo explique.

Sr. Sanmarco Santos. Explica que cando empezou este grupo de goberno co tema da piscina pideuse unha subvención e fíxose un proxecto para facer un arranxo total que andaba nos 900.000 € e non había maneira de conseguir eses cartos. Que por elo dividiuse a subvención en tres partes: fase 1, fase 2 e fase 3, e na fase 1 incluíuse o máis importante que era o tema de cumprir a normativa de sanidade e de accesibilidade. Que se aportaron eses cartos da mellor maneira posible para que seguira funcionando a piscina, para que non pechara. Despois diso claro que hai planeadas máis fases pero as cousas van pouco a pouco e é moi difícil conseguir 700.000 € de supeto para facer unha obra destas. E que non se pode intentar confundir á xente, que as obras que se acometeron entenden que son claves para o funcionamento da piscina e a poida abrir unha empresa. Que non está todo o bonito que debería estar e que evidentemente faltan cousas pero que o que non se pode estar é dando voltas e enganar á xente.

Sr. Rodríguez Carbia. Pensa que está sendo moi respetuoso co señor Sanmarco Santos que o único que solicitaron foi un pleno para que se deran explicacións, un pleno porque leva a instalación pechada un ano e sete meses e que lle parece tempo máis que suficiente para que den explicacións e infomen, non só a eles como representantes políticos senón ao conxunto de cidadáns, da situación da instalación e das previsións que o goberno municipal ten para esa instalación. Que fala con coñecemento de causa a raíz da visita na xornada de portas abertas, forzada pola convocatoria deste pleno, e que está comentando unha serie de deficiencias que observou nesa visita, desde o punto de vista dun observador non dun técnico, posto que non é técnico na materia. Engade que cree que solicitaron a convocatoria deste pleno fai máis de quince días.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Alcalde. Contesta que máis non.

Sr. Rodríguez Carbia. Afirmar que foi hai máis de quince días cando solicitaron a convocatoria de Pleno.

Sr. Alcalde. Contesta que foi o seis de novembro.

Sr. Rodríguez Carbia. Insiste en que foi hai máis de quince días e que o Pleno convocouse para o día de hoxe e di que a primeira votación que fixeron, no primeiro punto da orde do día, foi unha votación extemporánea e que tamén hai outro incumprimento porque a normativa esixe que a documentación que obre nas dependencias municipais poñerose a disposición dos concelleiros dende o primeiro momento en que se faga a convocatoria do Pleno pero no expediente do pleno non había ningunha documentación por parte do Concelleiro de área e que el non está na escola para tomar notas do Concelleiro e que este ten a obriga de depositar esa documentación no expediente do Pleno para que todos os concelleiros da Corporación poidan ter libre acceso á mesma.

Sr. Alcalde. Explica que este punto non se vai votar pois non é de votación. Que hai un punto, o primeiro, que é de votación e hai catro que son de información e polo tanto non son de votación, que se consultou este tema con secretaria e pregunta á señora secretaria si é así.

Sra. Secretaria. Contesta que si.

Sra. Rey Pazos. Dixo ao principio deste Pleno que o da piscina é un despropósito e que non é debido só á mala xestión deste goberno senón tamén de gobernos anteriores. Estudando o expediente deduce, que xa no 2004, cando entra Gimnasios Pazos o estado da piscina era deficiente. Que o contrato que fixo Villamor era deficiente tamén e a empresa comprometeuse a facer unha melloras, por exemplo, un ximnasio, ese que todos reclaman agora, e non se fixo e ninguén lle reclamou que o fixera. Que non só non se fixeron esas melloras senón que ninguén lle reclamou á empresa que se fixeran esas melloras, nin Villamor, nin o bipartito, nin o goberno actual.

Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que o ximnasio estivo funcionando.

Sra. Rey Pazos. Pregunta ao señor Rodríguez Carbia a que ximnasio se refire, si é a ese que se ía construír na sala onde estaba AMIPA que esta pechada e na cae a auga.

Sr. Rodríguez Carbia. Reitera que o ximnasio estaba funcionando.

Sra. Rey Pazos. Continúa dicindo que na piscina non hai ximnasio e a empresa dixo que tiña un déficit de 113.000 € e no 2009 chega o bipartito e súbelle o canon que é o que o Concello lle paga á empresa.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que se decidiu no Pleno.

Sra. Rey Pazos. Solicita ao señor Alcalde poder acabar.

Sr. Alcalde. Píde a todos os concelleiros que deixen acabar a intervención da señora Rey Pazos.

Sra. Rey Pazos. Continúa dicindo que si lle parece máis correcto ao señor Rodríguez Carbia: o bipartito súbelle o canon coa decisión do Pleno e súbelle de 14.000 € a 38.000 € e que a empresa estaba dicindo que tiña un déficit de 113.000 € e ninguén se sentou a pensar si esta piscina era viable ou non.

Sr. Santaló Ríos. Di que eles si.

Sr. Alcalde. Pídelle ao señor Santaló Ríos que non interrumpa.

Sra. Rey Pazos. Di que é interesante que polo menos un o pensase, dá un pouco de optimismo.

Sr. Santaló Ríos. Replica que a el non se lle ocorre pensar que a ninguén se lle ocorrira.

Sr. Alcalde. Avisa ao señor Santaló Ríos.

Sra. Rey Pazos. Continúa dicindo que o contrato remataba en outubro de 2009, prorrógase ese contrato de maneira ilegal ata o 2014, é dicir, tanto o bipartito como o goberno actual, logo fanse unhas obras e de repente a piscina deixou de abrir. Pregúntase entón de quen é culpa, porque ocorre iso, e pensa que é pola mala xestión de todos os gobernos sen excepcións e pídelles que deixen de mentir á xente, que digan a verdade e que despois, se queren, séntanse todos a solucionar os problemas de verdade.

Sr. Forján Seoane. Replica que segundo a señora Rey Pazos ninguén fai nada e está ela para salvar ao mundo mundial.

Sra. Rey Pazos. Di que ela non dixo iso, que o está dicindo o señor Forján Seoane.

Sr. Forján Seoane.

Sr. Alcalde. Avisa ao señor Forján Seoane, como xa lle dixo antes, de que non emplee calificativos.

Sr. Forján Seoane. Continúa dicindo que a subida do canon foi aprobada en Pleno.

Sra. Rey Pazos. Pregunta ao señor Forján Seoane si votou a favor ou non desa subida.

Sr. Forján Seoane. Continúa dicindo que si a señora Rey Pazos leu o expediente tamén vería que a piscina estaba pagando a luz doutras instalacións municipais e que ese foi un dos motivos de por que se subeu, non só o déficit e que algúns mintirán pero que eles non minten.

Sr. Alcalde. Di que el entendeu que fora polo seu grupo.

Sr. Rodríguez Carbia. Dille á señora Rey Pazos que na etapa na que estivo el goberno a instalación nunca pechou, que a piscina funcionaba e cando eles saíron do goberno a piscina funcionaba. Que polo tanto non sabe a que veñen as súas declaracións e que para dar clases equivocouse de sitio e que nin é o momento adecuado nin ten a capacidade para facelo porque leva moi pouco tempo en política.

Sra. Rey Pazos. Solicita a palabra por alusións e di que a capacidade non a decide o señor Rodríguez Carbia senón que a decide a xente cos seus votos e recórdalle que a ela votouna máis xente.

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que esa é a opinión da señora Rey Pazos.

Sra. Rey Pazos. Engade que é verdade que veu ese informe de que estaba pagando o de AMIPA e demais pero que tamén leu o informe da secretaria e da interventora que era desfavorable á subida dese canon. Lembra que dixo que había un déficit e que si a empresa ven pedir que se lle suba o canon porque ten un déficit de 113.000 € e presenta un informe onde di que pasan esas cousas, ela, aínda que non está capacitada como dí o señor Rodríguez Carbia, sentaríase a pensar si a piscina é viable e non se atoparían hoxe en día con que a piscina para poñela a andar hai que pagar un canon de 84.000 €, que a incapacitada sentaríase a pensar as cousas.

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que se celebraron comisións informativas correspondentes e se lle dou información a todos os concelleiros.

Sr. Rodríguez Conde. Dille ao señor Alcalde que toma nota porque estivo desviando todo o tempo o tema e cando o seu grupo quere falar doutro tema pídelles que se limite ao punto. Que hai que ser legal para todo.

Sr. Alcalde. Dille ao señor Rodríguez Conde que tome a palabra e que explique o que queira.

Sr. Rodríguez Conde. Reitera que toma nota.

3.- CAL É O IMPORTE DAS OBRAS A REALIZAR E MATERIAIS A MERCAR ASÍ COMO A EXPLICACIÓN DE COMO SE FINANCIARÁN E OS PRAZOS ESTIMADOS PARA AS OBRAS.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sr. Sanmarco Santos. Explica que a compañía aseguradora fixose cargo de 17.384,20 € e que quen queira poderá solicitar copia do informe.

Sr. Alcalde. Di que darán a copia sen que o soliciten.

Sr. Sanmarco Santos. Continúa explicando que o orzamento de arranxo da deshumectadora, compresora e vaporador é de 17.912,20 € máis IVE, que, como xa dixo, só falta a colocación do cadro de maniobra; reparación de conductos de ventilación dende a sala de bombas ata o local do persoal de obras 4.335 € máis IVE; reparación de fontanería, cambio de griferías en duchas, etc 1.905,50 €, obra finalizada; reparación de albañilería, suxeción de falsos teitos, azulejos, portas, etc 6.315,95 € máis IVE, obra finalizada; limpeza xeral da instalación 1.905,50 € máis IVE, obra finalizada; todas as obras a realizar 32.383,11 € máis IVE e que estos gastos de reparación financiaranse co importe do canon non empregado de 42.000 €.

Sr. Alcalde. Dalle a palabra ao señor Rodríguez Conde.

Sr. Rodríguez Conde. Reitera que hai que ser legal para todo e di que ten dúas preguntas e que a primeira é con que cartos se van pagar esas obras pendentes.

Sr. Alcalde. Di que xa llo respostou.

Sr. Rodríguez Conde. Continúa preguntando que de onde van sair os cartos.

Sr. Alcalde. Contesta que do orzamento.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta con que procedemento se divediu adjudicar esas obras ás empresas.

Sr. Alcalde. Contesta que son distintas reparacións de obra menor.

Sr. Rodríguez Conde. Lembra que o día que visitou as instalacións había tres ou catro empresas.

Sr. Alcalde. Contesta que pediron presupostos.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta entón que si agora pide o expediente, por exemplo no de pintado, ten que haber varias empresa que trouxeron o orzamento. Que entende que ten que haber algún outro orzamento para comparar.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que si, que ten algún.

Sr. Rodríguez Conde. Solicita copia dos orzamentos.

Sr. Santaló Ríos. Di que queren facer unha valoración global, que eles entenden que é unha instalación deficiente, con graves fallos, corroborado polos traballadores, e que precisaba actuacións urxentes en diferentes aspectos dende hai tempo e que os problemas fóronse adiando á espera dunha decisión que podía ser unha xestión directa, como sempre apostou o BNG.

Sr. Alcalde. Contesta que o grupo de goberno nunca apostou pola xestión directa máis que nada porque non se puido tomar esa decisión.

Sr. Santaló Ríos. Entende que é desde o plan de estabilización, que son conscientes, e que a outra opción é unha nova licitación. Di que non están culpabilizando que non é cuestión de culpa, pero que o grupo de goberno ten unha responsabilidade e xa van polo segundo mandato. Que é certo que a situación é complicada pero que era a responsabilidade do grupo de goberno e non deron respostas. Que en Cambados si se deron desfeito desta empresa, que habería que intentar romper a vinculación coa empresa antes de entrar en concurso de acreedores. Que habería que intentar buscar solucións da forma que sexa e que a estas alturas, unha vez rematado proceso dos traballadores, entende que se debería vir ao pleno cun prego de condicións, porque as obras, ao final, son subsanables, e que esa é a responsabilidade que ten que darlle aos veciños de Padrón, aos traballadores e á xente no Pleno e que a actitude que ven e que están poñendo disculpas e que a estas alturas é inaceptable que se esté sen servizo.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta cal era o total que se precisaba para as obras.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que 32.383,11 euros máis IVE.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta de onde se detraerán eses gastos, de investimento ou de gasto corrente.

Sr. Alcalde. Responde que de gasto corrente.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta si pode saber como está a partida neste momento.

Sr. Alcalde. Responde que, con consulta de intervención, o que se pretende facer é empregar os 42.000 € de canon que non se gastaron para pagar á empresa, en reparacións.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta si é do que non se empregou para o canon.

Sr. Alcalde. Responde que é do que non se gastou, porque no orzamento hai 42.000 € para esta anualidade.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta si vinculan as partidas.

Sr. Alcalde. Contesta que si, que corresponde a Xunta de Goberno, a Alcaldía ou ao Pleno.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta si vinculan as partidas.

Sr. Alcalde. Contesta que si, que chama á interventora si fai falla.

Sr. Rodríguez Carbia. Entende que lle devolven un canon de 42.000 €.

Sr. Alcalde. Explícalle que non devolven o canon, que hai un canon que non se pagou a unha empresa que non presta servizo.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta si vincula a partida do canon coa partida que empregou para o gasto corrente para acometer esas obras.

Sr. Alcalde. Responde que poden vincularla e engade que fala polo consultado en intervención.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta como van vincular si son capítulos diferentes dentro do orzamento.

Sr. Alcalde. Di que si está equivocado rectifica pero que a súa consulta en intervención é que si se pode facer unha modificación presupuestaria deste tipo. Que traslada o que lle trasladou a interventora.

Sra. Rey Pazos. Pregunta si se fixeron obras no vaso da piscina e cales. Pregunta se non perde o vaso da piscina e si é de formigón.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que non ten perdas.

Sra. Rey Pazos. Di que, en principio, eses vasos de formigón teñen unha vida entre dezaioito e vinte anos e que obviamente están aí. Que lle preocupa porque é unha reforma cara e que entende que cando acaba a vida útil dun material eso vai xerar problemas e que o outro día estivo alí cun técnico e díxolle que si, que ía xerar problemas.

Sr. Alcalde. Di que por iso non se baleira, porque si se baleira escacha o vaso.

Sra. Rey Pazos. Pregunta que, si se licita o servizo e se lle dá a unha empresa, ese vaso pode dar un problema.

Sr. Alcalde. Contesta que si hai que cambiar o vaso é mellor quitar a piscina enteira.

Sra. Rey Pazos. Reitera que o técnico díxolle que a vida útil do vaso era de non máis de vinte anos e que vai a ser un problema e polo tanto ou se pica todo e vólvese aillar, o cal supón moitos cartos, e merece a pena



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

cambiar o vaso por un dos que se utilizan agora. Reitera que é un problema que si lle preocupa e é un gasto considerable que se debería ter en conta.

Sr. Alcalde. Contesta que non teñen ningunha noticia de que o vaso non esté en condicións.

Sra. Rey Pazos. Pregúntalle si hai un informe técnico.

Sr. Alcalde. Contesta que hai o proxecto das deficiencias, cando se meteron as fases, e en ningún momento se contemplaba que fose unha necesidade cambiar o vaso.

Sra. Rey Pazos. Pregunta si o vaso pódese ver por abaixo e que foi outra das instalacións que non puideron ver o outro día.

Sr. Sanmarco Santo. Contesta que por unha parte si.

Sra. Rey Pazos. Replica que, como o outro día non puideron acceder, está realmente preocupada polo seu estado e solicita que conste en acta que dixo: "pode haber ese problema e que é un problema grave".

Sr. Forján Seoane. Lembra que antes faloron dun total de 700.000 € nas outras dúas fases.

Sr. Alcalde. Contesta que as outras fases non están aprobadas nin comprometido o gasto.

Sr. Forján Seoane. Pregunta si son un total de 700.000 €

Sr. Alcalde. Contesta que si pero para deixala "fetén".

Sra. Rey Pazos. Di que hai cousas que non cumpren a normativa de seguridade, que son pequenas cousas pero que hai que miralas, por exemplo, as luces das duchas, non se permite que estén así, que teñen que estar integradas; e outro dos problemas foi o teito e pregunta que tipo de aillamento ten.

Sr. Sanmarco Santos. Contesta que son unhas pranchas aillantes de fibra.

Sra. Rey Pazos. Entenden que unha forma de aforro enerxético é o aillamento.

Sr. Sanmarco Santos. Pregunta si se refire ao de arriba.

Sra. Rey Pazos. Contesta que si, o de arriba, o metálico que tiña óxido.

Sr. Alcalde. Contesta que só é chapa.

Sr. Rey Pazos. Replica que non ter aillamento tamén é un problema.

4.- PRESENTACIÓN DOS PREGOS E DO ESTUDO DE COSTES, CON XESTIÓN PROPIA E CON EMPRESA CONTRATADA AO EFECTO.

Sr. Alcalde. Explica que o estudo de costes con xestión propia non o fixeron e pregúntalle á secretaria senón sería o mesmo estudo de costes pero sen IVE.

Sra. Secretaria. Contesta que o informe económico que se fixo para as ordenanzas e que é o estudo económico dos gastos e ingresos previsibles dese servizo, é igual que o preste unha empresa que o preste o concello directamente e a única diferenza é que unha empresa ten un beneficio industrial e uns gastos xerais.

Sr. Forján Seoane. Entende entón que a diferenza está no IVE que un 21% e o beneficio industrial que é un 6%.

Sr. Alcalde. Contesta que en todo caso non se podería incrementar a plantilla do Concello e co persoal que temos agora mesmo non se pode levar o tema da piscina adiante. Que cree que non queda outra viabilidade que a xestión externa.

Sr. Forján Seoane. Di que está de acordo pero que agora saben cal é a diferenza porque ao mellor nun futuro poden facelo por xestión directa.

Sr. González Pardal. Pregunta como está a situación neste momento.

Sr. Alcalde. Contesta que ten as sentenzas abaixo e que pode solicitalas para que se lle dé copia. Preguntalle á secretaria si se pode dar copia pola protección de datos.

Sra. Secretaria. Contesta que si.

Sr. Alcalde. Engade que están sentenciadas dende maio oito e tres foi acordado no mesmo sentido da sentenza.

Sr. González Pardal. Pregunta si a empresa ten a obriga de admitir os traballadores que antigamente estaban traballando na piscina.

Sr. Alcalde. Entende que non pero que de todas formas se houberse algunha discusión, cada traballador tería que reclamar os seus dereitos.


Sr. González Pardal. Pregunta si a empresa podería vir con xente distinta á que estaba traballando.

Sr. Alcalde. Contesta que tamén podería contratar á mesma.

Sr. Alcalde. Reitera que os pregos o venres estarán a disposición de todos os concelleiros e que espera que sexa co informe de intervención.

Sr. Rodríguez Conde. Expón que o Concello de Padrón viña prestando o servizo público da piscina municipal cuberta mediante a empresa Gimnasios Pazos, SA, que cesou a súa actividade deixando a moitos usuarios sen servizo e a moitas familias do Concello sen ingresos no que se refire aos traballadores que perderon o seu posto de traballo. Que esta actividade municipal é moi demandada por moitos veciños do municipio e da bisbarra polo que existe un malestar crecente ante a demora da reapertura da piscina cuberta. Que aproveitando o parón da piscina por parte do Concello gastáronse, aproximadamente, máis de 200.000 € de cartos públicos, a través da Deputación, para adaptala ás necesidades actuais. Que se acometeron as obras encamiñadas ao seu mantemento e viabilidade e por outra parte, no informe redactado polo Interventor Técnico, no seu estudo económico-financieiro, reflíctese máis viable aumentar a achega económica do Concello de 44.000 € a 84.000 €, máis o incremento das taxas dos usuarios a favor da empresa, o que suporía un pago dobre para os veciños de Padrón como usuarios da piscina e como contribuínte municipal pagando dúas veces. Que isto lles dá a razón ao respecto de municipalizar a xestión da piscina municipal cuberta para ter os datos reais do custe do servizo e poder decidir o que é mellor para o Concello e como dixo o señor Forján Seoane para ter unha comparativa para ver que é mellor para o Concello. Que dende o seu grupo enténdese que este servizo debe ser repostado na maior brevidade e que se debería estudar con carácter transitorio e urxente a xestión directa por parte do Concello a non ser que se entregue unha documentación externa e imparcial que diga con números o contrario. Que por parte do Partido Galeguista presentouse o 27 de outubro unha documentación que avala a súa tESIS, a documentación da municipalización da piscina cuberta de Outes, que fai uns meses acaba de municipalizar ese servizo e aportaron todo tipo de documentación: informe de secretaria, para que o grupo de goberno e os servizos técnicos a valoraran. Que eles presentaron eso e que o equipo de goberno non presentou nada.

Lembra ademais que o Partido Galeguista propuxo e levou a pleno unha moción, a cal non pasou o filtro da comisión informativa; que en data 7 de febreiro de 2015 presentaron unha moción para debatir e aprobar, si se dera o caso, para que o Concello de Padrón levase a xestión directa da piscina con carácter transitorio e ata a celebración, daquela, das próximas eleccións locais, para que o novo goberno, no caso de que houbera un cambio, decidira o tipo de xestión. Que nesa comisión informativa previa ao pleno, que se celebrou o 23 de febreiro, tiñan dous puntos: un, aprobar a forma de xestión directa por parte do Concello e, dous, instar ao señor Alcalde e á Xunta de Goberno Local para que iniciaran os trámites necesarios para a xestión do servizo co persoal subrogado, pero que non foi adiante polos votos en contra do Partido Popular e entón xa non chegou ao



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Pleno.

Consideran que é unha vergoña que a día de hoxe aínda non se saiba cando se vai abrir a piscina, segundo os datos que se teñen ata o momento, e que a gran parte dos usuarios fixos da piscina de Padrón xa buscaron outra alternativa noutros concellos.

Sr. Alcalde. Contesta que non sabe de onde quita o dato de que unha das medidas foi incrementar as taxas. Pide ao señor Rodríguez Conde que diga en que se incrementaron as taxas na piscina municipal do Souto, posto que as tarifas foron conxeladas dende que se aprobaron no 2004. Que se aprobou unha ordenanza no Pleno cos mesmos prezos que había e que se estaban cobrando.

Sr. Rodríguez Conde. Di que él dixo "por outra banda, no informe redactado polo Interventor Técnico, no seu estudo económico-financieiro reflíctese máis viable aumentarlle a aportación económica do Concello á empresa de 40.000 € a 84.000 € e aumentar a taxa individual a cada usuario", que iso é o que pon o informe.

Sr. Alcalde. Contesta que o informe di que habería que aumentar as taxas, pero que aquí debatímolos todos e decidimos deixar as mesmas taxas.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta ao señor Alcalde si sabe cal foi a postura do PG.

Sr. Alcalde. Contesta que non a recorda e engade que o señor Rodríguez Conde di ademais que o 27 de outubro presentou unhas copias do Concello de Outes para municipalizar o servizo, pero que a información é sesgada e a que o señor Rodríguez Conde ten por conveniente porque a páxina 5 non a encontra por ningún lado e quere pensar que se esqueceu de fotocopiála e non porque non lle conviña.

Sr. Rodríguez Conde. Replica que si falta algunha páxina podería solicitarla. Que foi unha información que, dentro do normal cauce, solicitaron algúns compañeiros de alá pero non se facilitaron certos informes e hai páxinas que están feitas con cámara de fotos porque se buscaron a vida e que grazas a Dios esto aquí non pasa de momento.

Sr. Alcalde. Pregúntalle si entón quere dicir que non lle deron a información en Outes e a sacaron fotografiando de "extranjis".

Sr. Rodríguez Conde. Contesta que non.

Sr. Alcalde. Pídelle que se explique.

Sr. Rodríguez Conde. Di que a documentación que aportaron é legal e era un exemplo a seguir para que puideran municipalizar e pide ao señor Alcalde que non desvíe o tema agora.

Sr. Alcalde. Contesta que van mandar un oficio a Outes para que lle envíen a resolución.

Sr. Rodríguez Conde. Replica que xa o deberían ter feito.

Sr. Alcalde. En relación ao que dixo o señor Rodríguez Conde sobre que a moción non pasou a Comisión informativa porque o PP votou en contra, recórdalle que o PP está en minoría e que o que pasou é que non recabou os votos suficientes da oposición.

Sr. Rodríguez Conde. Di que esa non era unha moción de urxencia, era unha moción que seguía un trámite normal, foi a unha comisión informativa e tivo cinco votos en contra, dous a favor e o resto abstencións. Recorda os dous puntos que eran: un, aprobar a forma de xestión directa por parte do Concello e, dous, instar ao señor Alcalde e á Xunta de Goberno Local para que iniciaran os trámites necesarios para a xestión do servizo co persoal subrogado e que o PP votou en contra.

Sr. Santaíó Ríos. Pregunta que teñen pensado facer, na liña política, en canto á duración, se teñen pensado un contrato de longa duración.

Sr. Alcalde. Contesta que lles dará os prezos o venres e pide a todos os concelleiros que garden reserva sobre

o seu contido, que non poden ser publicados en internet nin en ningún sitio ata que estén aprobados e que se convocará a oportuna comisión informativa.

Sra. Rey Pazos. Di que lle gustaría preguntar as dúbidas que ten sobre a xestión directa do servizo á señora Secretaria: por que a contratación de traballadores non é posible e pensa que a secretaria é a que debería de contestar a iso, posto que legalmente é a que coñece a situación.

Sra. Secretaria. Entende que non é posible neste momento e que, como xa explicou nun informe de febreiro raíz da comisión informativa da que se está falando agora, o razonamento é: si hai xestión directa nese proceso non se produce subrogación e hai sentenzas do Tribunal Supremo e do Tribunal da Unión Europea que o din, polo tanto, habería que irse a un proceso de selección de persoal o que supón o aumento do cadro de persoal e oferta de emprego e eso non se pode facer hoxe en día porque está limitado pola Lei de presupostos do Estado.

Sra. Rey Pazos. Di que cando estivo revisando o expediente atopou un documento, que é o último, no que se pide por parte do señor Alcalde aos servizos económicos a realización da liquidación do contrato. Que entende que este trámite é un trámite obrigatorio que hai que facer e pregunta si pode o Concello contratar unha nova empresa sen ter feito esa liquidación.

Sr. Alcalde. Contesta que non se pode contratar unha nova empresa sin facer a liquidación.

Sra. Rey Pazos. Pregunta si a liquidación está feita.

Sr. Alcalde. Contesta que a liquidación está feita polo técnico de xestión económica, pendente da revisión por parte da interventora.

Sra. Rey Pazos. Replica que entón aínda non está feita.

Sr. Alcalde. Contesta que está feita unha proposta polo técnico de xestión económica, pendente da revisión da interventora.

Sra. Rey Pazos. Pregunta cal vai a ser o prazo para ter esa liquidación porque tamén requirirá a conformidade da empresa. Pregunta, para que se entenda si sería unha especie de finiquito.

Sr. Alcalde. Contesta que o Concello liquidará e a empresa opoñerá ou non, ou será insolvente.

Sra. Rey Pazos. Pregunta que si se opón, suponse que ese trámite se remata ou non, ou suponse que non hai aínda liquidación feita.

Sr. Alcalde. Contesta que feita a liquidación, si se alonga porque se xudicializa, non ten que ver cunha nova adxudicación.

Sr. Rey Pazos. Pregunta á secretaria, que pode sabelo pola súa experiencia profesional, canto tempo poderá levar este trámite que é obrigatorio para poder facer a seguinte adxudicación.

Sra. Secretaria. Contesta que o procedemento é relativamente rápido: aprobación, notificación ás partes implicadas, período de alegacións entre dez e quince días e resolución definitiva. Que a partir de aí, supoñendo que o saldo sexa acreedor para o Concello, haberá uns prazos para que procedan a facer ese ingreso.

Sr. Alcalde. Engade que ese é só o procedemento, que non ten que ver o que tarde o procedemento coa licitación.

Sra. Secretaria. Continúa explicando que unha vez aprobado, contablemente ao Concello lle xenera un crédito, este crédito pode estar en cuestión durante moito tempo porque hai recursos administrativos ou xudiciais que poden dictaminar con carácter firme que iso non é así, ou que hai que facer correccións, pero que iso pasa en calquera acto administrativo, o que non quere dicir que non se poida usar xa ese acto ou sacar consecuencias dese acto, aínda que quedan pendentes da resolución xudicial.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sra. Rey Pazos. Explica que o pregunta porque como se solicitou o 3 de novembro de 2014 e aínda non está feito, preocúpalle.

Sr. Alcalde. Contesta que están respostando a moitos escritos da oposición e entón intervención non pode traballar no que ten que traballar.

Sra. Rey Pazos. Replica que non será pola súa culpa e que lle gustaría que lle dixese unha data aproximada de cando estará feita esa liquidación tendo en conta que non se pode seguir a tramitación do contrato sin ela.

Sr. Alcalde. Contesta que falará con intervención para que nuns dez días este feito, tanto o informe de fiscalización dos pregos, como a revisión da proposta de liquidación e tamén a aprobación dun regulamento de uso de piscinas que non o teñen e que tamén é previo.

Sr. Guillán Iglesias. Pregunta entón si se queda en que os pregos se entregarán o venres.

Sr. Alcalde. Contesta que si.

Sr. Guillán Iglesias. Pregunta polo estudo de costes.

Sr. Alcalde. Contesta que xa o teñen dende novembro, dende fai un ano, e que, senón se equivoca, entregouse por correo electrónico a todos.

Sr. Guillán Iglesias. Di que si ese é o estudo entón faltan cousas, posto que falta o estudo de costes si fose por xestión propia.

Sr. Alcalde. Contesta que non vai ser xestión propia, salvo que o aprobe a oposición.

Sr. Guillán Iglesias. Entende que a postura do goberno é privatizar.

Sr. Alcalde. Contesta que a súa postura é a legal.

Sr. Guillán Iglesias. Replica que esa á opinión do señor Alcalde e que neste punto pon: presentación dos pregos e do estudo de costes con xestión propia e con empresa contratada ao efecto, e polo tanto falta unha parte: a xestión propia e polo tanto (antes a compañeira dicía que ao pobo hai que informalo) queren saber canto costa no caso de privatizar e canto costaría si é municipalizada. Pregunta, en relación ao estudo de costes, que contempla como ingresos e cantas persoas contempla para o funcionamento da piscina, porque os ingresos que contempla, como sabe o señor Alcalde, é como o tempo: hoxe fai calor e mañá chove.

Sr. Alcalde. Contesta que é moi fácil, que si non está de acordo co estudo que o impugne.

Sr. Guillán Iglesias. Di que está moi claro que o seu grupo non está de acordo porque eles queren a municipalización, pero que queren ter as dúas cousas para que a cidadanía opine. Di que en caso de privatizar ten un coste a maiores que é o IVE e un 6% do beneficio industrial. Pregunta á secretaria si un servizo público se privatiza e ten un coste máis elevado que si estivera municipalizado, o Ministerio tamén terá que dicir algo porque, a pesares do plan de axuste, estase perdendo diñeiro.

Sr. Alcalde. Explica que a secretaria informa do que é legal ou non, ou do que ela entende que é legal ou non e que nesa información agora mesmo non se podería contratar persoal para o concello, para xestionar a piscina municipal como xestión propia.

Sr. Guillán Iglesias. Pregunta si, en caso de municipalizar, non se podería contratar directamente con profesionais independentes, como se está facendo noutras cousas.

Sr. Alcalde. Contesta que iso sería unha privatización encuberta.

Sr. Guillán Iglesias. Replica que non, que estaría cobrando os ingresos das cuotas o Concello e tamén pagaría o combustible, e que tan só pagarían os servizos de profesionais independentes como monitores.

Sr. Alcalde. Contesta que entón tamén estarían pagando con IVE.

Sr. Guillán Iglesias. Replica que non, que se pagarían outras cousas e ademais así poderían saber cal é o funcionamento real da piscina.

Sr. Alcalde. Pregunta onde está o aforro si se paga con IVE ao persoal e si as subministracións de gasoil, gas ou electricidade tamén hai que pagalas con IVE.

Sr. Guillán Iglesias. Contesta que para empezar xa está a marxe do beneficio industrial que quedaría para o Concello e, por outra parte, habería que saber, xa que no estudo de costes non está contemplado, o número de persoas que están para traballar. Pregunta si é o mesmo número que ata o momento.

Sr. Alcalde. Contesta que non vai dar información do prego ata que se publique.

Sr. Guillán Iglesias. Replica que lle está falando do estudo de costes, non do prego, que é onde se basea a realidade económica. Reitera a pregunta de cantas persoas contemplaba o estudo de costes para a realización do servizo.

Sr. Alcalde. Contesta que o ten aí, e ademais non está contando que nas licitacións ás veces se baixa do importe, que non sempre é polo importe da licitación, que ás veces hai baixas na adxudicación.

Sr. Guillán Iglesias. Entende que o estudo de costes que hai habería que contestalo con outro tipo de estudo de costes externo e, máis que externo, facer o propio Concello un estudo de costes propio que é a realización da verdade. Que para poder sacar un concurso teñen que saber primeiramente o que lle costa ao Concello e non o saben.

Sr. Alcalde. Contesta que está aí.

Sr. Guillán Iglesias. Reitera que ese estudo de costes non é real.

Sr. Alcalde. Replica que o asina un técnico que está licenciado en Económicas e que está contratado polo Concello.

Sr. Guillán Iglesias. Di que hai moitos técnicos que están licenciados pero que houbo determinadas actuacións que tiveron moito que desexar, e que, polo tanto, só dí: contrastar e que por contrastar non vai pasar nada.

Sr. Santaló Ríos. Di que, xa que non pode ser unha xestión directa polos informes que hai, non entende como unha vez xa resolto o contrato non están feitos ao día seguinte uns pregos de condicións para que unha nova empresa empece a funcionar.

Sr. Alcalde. Contesta que a continuación do tema da resolución dos traballadores, independentemente de que non estivera a firmeza das resolucións porque non chegou aínda, foron os actos vandálicos coas reparacións e que é o que dixo ao principio, foi un cúmulo de circunstancias, e igual precipitouse ao principio por querer abrilas e foi cando se invitou a tres empresas e agora aínda que se retrase un pouco van intentar facelo mellor.

Sr. Rey Pazos. Di que a ela tamén lle preocupa que quede deserta esa licitación polo estado da piscina, tendo en conta ademais que moitos dos usuarios xa están noutros lados e habería que facer que eses usuarios voltaran.

Sr. Rodríguez Conde. Di que en Outes pasou iso, que se presentou unha empresa que ao final non o quixo e tiveron que municipalizala.

Sr. Alcalde. Replica que, si ao final pasa, igual hai que escoitar a Javier reunirse co señor Montoro

Sr. Forján Seoane. Pregunta a canta xente se invita á piscina últimamente.

Sr. Alcalde. Pregunta ao señor Forján Seoane si se refire para o traballo de obras ou para o prego de licitación.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

Sr. Forján Seoane. Contesta que para unha posible adxudicación.

Sr. Alcalde. Contesta que na última invitouse a sete.

5.- PROPOSTA DE DATA DE POSTA EN FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DA PISCINA MUNICIPAL CUBERTA.

Sr. Alcalde. Explica que non hai unha concreta data para a apertura. Que está esperando polo informe de intervención e espera telo o antes posible. Que o procedemento é o informe de intervención municipal; despois ten previsto remitilo a todos os grupos da oposición e si o venres non ten o de intervención remíteo igual; aprobación do expediente; publicación no perfil do contratante; publicación no perfil do prego de prescricións técnicas e administrativas; presentación de ofertas durante o prazo de quince días naturais; publicación no perfil do contratante con sete días naturais de antelación a apertura dos sobres A; apertura no prazo máximo dun mes e examen da documentación administrativa por parte da mesa de contratación; publicación do perfil do contratante do acto de apertura dos sobres B nun prazo non superior a sete días; publicación no perfil do contratante; relación ordenada dos licitadores por orden de puntuación; requirimento ao licitador mellor valorado para que no prazo de dez días hábiles presente a documentación; adxudicación por parte do órgano de contratación no prazo de cinco días hábiles; notificación da adxudicación a todos os licitadores e publicación no perfil do contratante; formalización do contrato no prazo de quince días hábiles; publicación no perfil do anuncio da formalización do contrato; remisión ao Consello de Contas e levantamento de acta. Pregunta á secretaria si soen levar dous meses estes procedementos.

Sra. Secretaria. Contesta que máis de dous meses, que dous meses mínimo.

Sr. Alcalde. Explica entón que, desde o informe de intervención e aprobación, dous meses mínimo cos prazos legais, polo que data para a apertura é complicado.

Sra. Rey Pazos. Di que fixo esa pregunta porque o concelleiro delegado díxolle á prensa que en xaneiro estaba aberta, entón preguntan algo que a xente sabe antes que a oposición.

Sr. Sanmarco Santos. Di que foi un erro do titular, que dixo a partir de xaneiro.

Sra. Rey Pazos. Replica que como non é a primeira vez que o goberno di unha data e non se cumpre.

Sr. González Pardal. Pregunta si a día de hoxe non hai prazo de apertura.

Sr. Alcalde. Contesta que ten o prazo do procedemento, que non lle pode dar o prazo de apertura. Pregunta á secretaria si este punto se vota.

Sra. Secretaria. Contesta que o título pon "proposta" pero que non hai ningunha proposta que votar.

Sr. Alcalde. Di aos concelleiros e concelleiras que si queren votan o que leeu él: o procedemento.

Sra. Secretaria. Solicita a palabra para aclarar que as propostas que se van someter a aprobación teñen que estar no expediente do pleno dende o mesmo día da convocatoria, a non ser que do título se deduza cal é a proposta, como ocorreu no primeiro punto pasara ou non a data ou sexa absurdo ou non, pero que neste suposto non hai ningunha proposta.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión sendo as doce horas e vinte e cinco minutos, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina conmigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.

O Alcalde-Presidente

A Secretaria



Abdo. Antonio Fernández Angueira



Asda Ana María Ares Álvarez